

## G2301141 Introducción á identidade dixital. Privacidade e a seguridade na Rede

| Programa                             |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>15-04-2024</b><br>17:00 - 20:00 h | Docencia presencial ou virtual<br>José Julio Fernández Rodríguez e Lorena Casal Otero |
| <b>02-05-2024</b><br>17:00 - 20:00 h | Docencia presencial ou virtual<br>José Julio Fernández Rodríguez e Lorena Casal Otero |
| <b>08/05/2024</b><br>17:00 - 20:00 h | Docencia presencial ou virtual<br>José Julio Fernández Rodríguez e Lorena Casal Otero |
| <b>15(05/2024</b><br>17:00 - 20:00 h | Docencia presencial ou virtual<br>José Julio Fernández Rodríguez e Lorena Casal Otero |

### Relatores

#### José Julio Fernández Rodríguez

Doutor en Dereito, licenciado en Dereito, en Ciencias Políticas e Sociais, en Xornalismo, e en Comunicación Audiovisual. Diplomado en Estudos de Seguridade e Defensa. Profesor Titular de Dereito constitucional na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Director do Centro de Estudos de Seguridade (CESEG) da USC-CESEDEN. Delegado de Protección de Datos da USC. Foi valedor do pobo da Comunidade Autónoma de Galicia. Autor de numerosas publicacións científicas con elevado impacto, tanto monografías como artigos en revistas académicas e artigos en libros colectivos. Estas publicacións, que viron a luz en quince países, están referidas ao ámbito da teoría da constitución, os dereitos fundamentais, a xustiza constitucional, a seguridade e a defensa, internet e as novas tecnoloxías. Unha das súas liñas de investigación analiza a problemática de seguridade e a súa relación cos dereitos fundamentais e a calidade da democracia.



#### Lorena Casal Otero

Licenciouse en Ciencias da Educación con premio extraordinario. Tamén é diplomada en Estudos Avanzados, Máster en e-learning TIC para a Educación e a Formación e Doutora en Ciencias da Educación. Foi directora do Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe da USC, vicedecana e responsable de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación e na actualidade é profesora de Pedagogía e Didáctica na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Membro do Grupo de Investigación en Tecnoloxía Educativa da USC, as súas liñas de investigación inclúen posibilidades educativas das TIC, deseño de materiais educativos multimedia e contornas virtuais de ensino-aprendizaxe, incorporación e usos das TIC nas institucións educativas, formación e desenvolvemento profesional para o uso das TIC e igualdade de acceso e participación na sociedade do coñecemento.

